

A Ilustración en España

Inclúe a Pregunta para desenvolver nº9:

A Ilustración en España

(características da Ilustración e do Despotismo ilustrado)

2º Bach. - IES Mendiño - 2023/2024

Proq. Xael Díaz Alonso



Evolución de la Ilustración

A Ilustración

- ♦ A **Ilustración** foi un movemento cultural e ideolóxico característico da Europa do século XVIII.
- ♦ Defendía a **capacidade da razón humana** para descubrir a verdade e as leis da natureza, así como a **necesidade de realizar reformas** para incrementar o benestar e alcanzar a **felicidade social**.



Fases da Ilustración

- ♦ En España en xeral, e en Galicia en particular, as ideas ilustradas tiveron un **desenvolvemento máis tardío** que noutros lugares.
- ♦ A Ilustración española pode dividirse en **dúas etapas**:
 - ♦ **1700-1759**: con Felipe V e Fernando VI.
 - ♦ **1759-1788**: con Carlos III.




Fases da Ilustración

- ♦ A etapa dos reinados de Felipe V (1700-1746) e Fernando VI (1746-1759) é tamén denominada “**protoilustración**”.
- ♦ Estivo protagonizada polos “proxectistas” (por elaborar proxectos para o goberno) e os “novatores” (por innovar en pensamento e ciencia). Destacou o pai Feijóo.



Fases da Ilustración

- ♦ A segunda etapa, xa **plenamente ilustrada** e de apoxeo, desenvolveuse con Carlos III (1759-1788).
- ♦ Destacaron ilustrados como Campomanes, Floridablanca, Olavide ou, en Galicia, José Cornide Saavedra.





As ideias ilustradas

As ideas ilustradas

- ♦ As ideas ilustradas foron aceptadas e promovidas por unha **minoría culta** (nobres, clérigos, funcionarios e burgueses), que tivo unha gran influencia política.
- ♦ Este pensamento caracterizouse pola **moderación reformista**, compaxinando a crítica e a renovación co pragmatismo e o respecto á orde establecida. Caracterízase por:




As ideas ilustradas


- ♦ **Crítica á realidade vixente, á ignorancia e á incultura, ao atraso económico e social ou aos abusos dos poderosos.**
- ♦ **Recurso ao poder do rei para levar a cabo todas as reformas que propoñían, afastando así á oposición existente na Igrexa e en toda a sociedade.**



A las ideas ilustradas



LA FALSA FILOSOFIA, 239
ò C 33 f
EL ATEISMO, DEISMO, MATERIALISMO,
y demás nuevas Sectas,
CONVENCIDAS DE CRIMEN DE ESTADO
contra los Soberanos y sus regalias, contra los Magistrados
y Poteidades legítimas.
LIBRO PRIMERO.
DONDE SE COMBATEN LAS VANAS HYPOTESIS
y Principios sediciosos de los Ateistas, Deistas,
Fatalistas, Naturalistas, y demás pretendidos
Filósofos.
TOMO SEGUNDO.
SU AUTOR
FR. FERNANDO DE ZEVALLOS,
Monge Geronymo del Monasterio de San Isidro
del Campo.
SEGUNDA IMPRESION.
Et nunc Reges intelligite: Erudimini qui iudicatis terram. Psalm. 2.
7. 10.
CON PRIVILEGIO Y LAS LICENCIAS NECESARIAS.
EN MADRID.
En la Imprenta de ANTONIO FERNANDEZ. Año de 1775.



As ideas ilustradas

- ♦ **Fomento da educación e da renovación científica** para superar o atraso e modernizar España.
- ♦ Concretaríase na **fundación das escolas técnicas** (Escola de Náutica e Comercio da Coruña...) e das **Academias** (de Lingua, de Medicina, de Historia, de Belas Artes...).



As ideas ilustradas




As ideas ilustradas

- ♦ Predominio das preocupacións económicas, buscando mellorar todos os sectores produtivos (sobre todo artesanía e comercio) para incrementar a riqueza.
- ♦ Para difundir os avances e potenciar a economía créanse as Sociedades Económicas de Amigos do País. Contribuíu moito tamén a prensa (*El Censor*, *El Pensador...*).



As ideas ilustradas





O Despotismo ilustrado

O Despotismo ilustrado

- ♦ O **despotismo ilustrado** era unha nova concepción do poder defendida por moitos intelectuais.
- ♦ Os reis debían **exercer un poder absoluto**, que debía empregarse en aumentar a riqueza e benestar dos súbditos, sendo as reformas impulsadas polos monarcas.



O Despotismo ilustrado

- ♦ O despotismo ilustrado pódese resumir na frase “**todo para o pobo, pero sen o pobo**”.
- ♦ Este apoio ao poder real fixo que **moitos ilustrados formasen parte dos gobernos**, en especial durante o reinado de Carlos III (marqués da Ensenada, conde de Aranda...).



Ánimo co
estudo!